



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Arquitectura Legal	Código	630G02046	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Quinto	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e AeronáuticasDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónEnxeñaría CivilExpresión Gráfica ArquitectónicaProxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Sánchez Iglesias, Santiago	Correo electrónico	santiago.sanchez@udc.es	
Profesorado	Sánchez Iglesias, Santiago	Correo electrónico	santiago.sanchez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	MARCO CURRICULAR Co termo Arquitectura Legal enténdese tradicionalmente a formación en dereito dos profesionais que proxectan e executan obras de edificación e interveñen no campo do urbanismo. Esta formación proporciona o coñecemento das normas que rexen a súa actividade e o propio resultado da mesma. A formación corresponde ao Departamento de Construcións Arquitectónicas, a materia tratará de enfocar os temas desde a comprensión do espazo construído polo home, as súas orixes e organización en especial desde o punto de vista da realidade actual do territorio galego. OBXECTIVO A materia pretende ser unha aproximación á comprensión do marco legal no que se desenvolve a profesión de arquitecto desde a edificación e o urbanismo. Preténdese introducir ao alumno na terminoloxía, conceptos e leis organizadoras da que será a súa práctica profesional no futuro. O obxectivo da materia é dotar ao alumno dos coñecementos teóricos e prácticos básicos necesarios para a elaboración, avaliación e execución de proxectos arquitectónicos, estudos de seguridade e saúde, valoracións, que complementen a formación desenvolvida noutras materias da carreira, como culminación na formación do alumno a nivel universitario de segundo ciclo previo á súa incorporación ao mundo laboral.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A17	Aptitude para aplicar as normas técnicas e construtivas.
A27	Coñecemento axeitado dos sistemas construtivos industrializados.
A28	Coñecemento da deontoloxía, a organización colexial, a estrutura profesional e a responsabilidade civil.
A29	Coñecemento dos procedementos administrativos e de xestión e tramitación profesional.
A30	Coñecemento da organización de oficinas profesionais.
A33	Coñecemento da dirección e xestión inmobiliarias.
A63	Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado



B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B9	Comprender os problemas da concepción estrutural, de construción e da enxeñería vinculados cos proxectos de edificios así como as técnicas de resolución destes
B11	Coñecer as industrias, organizacións, normativas e procedementos para plasmar os proxectos en edificios e para integrar os planos na planificación
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1.- Coñecer e comprender a regulamentación civil, administrativa e urbanística 2.- Coñecer e comprender a responsabilidade do arquitecto respecto dos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente. 3.- Aptitude para elaborar estudos de viabilidade e exercer a supervisión, control e coordinación de proxectos integrados. 4.- Capacidade para realizar valoracións e @tasación inmobiliarias, incluíndo terreos rústicos e solares, edificacións e espazos urbanos. 5.- Capacidade para realizar estudos de seguridade e saúde	A17	B1	C1
	A27	B2	C3
	A28	B3	C4
	A29	B4	C5
	A30	B5	C6
	A33	B9	C7
	A63	B11	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Deontoloxía, Responsabilidade Civil e Exercicio da profesión	A intervención no sector da edificación: fundamentos da súa regulación legal, competencias e atribucións. Axentes intervinientes: funcións e relacións entre eles. Actuación profesional do arquitecto. Profesión regulada e outros servizos. Modalidades de exercicio profesional. Responsabilidades civís e penais dos arquitectos no exercicio da profesión. Deslindes de responsabilidades e responsabilidades solidarias. Seguros de responsabilidade civil. Relacións con outros arquitectos. Colexio e asociacións profesionais. Normas deontolóxicas de actuación profesional. Proxectos arquitectónicos, básicos, de execución e básicos e de execución. Contido regulado por CTE. Alcance e validez para trámites administrativos. A dirección de obra. Alcance e finalidade. Documentación do proceso. O libro de ordes. Certificacións e liquidacións de obras; excesos de medición; proxectos reformados e complementarios.



2. A administración, procedementos, xestión e tramitación.	Actuación da administración. Procedementos administrativos. Recursos en vía administrativa e en vía contencioso-administrativa. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados. Lexislación e normativa da edificación: Civil, Urbanística, Técnica. Ámbitos estatal, autonómico e local. Contratación Pública. Participación en concursos. Participación na xestión de licenzas de obras e autorizacións administrativas; interlocución cos técnicos da administración. O proxecto arquitectónico como documento público, responsabilidades por falsidade.
3. Organización da oficina profesional	Os arquitectos como profesionais liberais e como empresarios. Requisitos e obrigacións legais para alta e mantemento da actividade profesional. Honorarios profesionais. Ofertas de servizos. Captación de encargos profesionais. Réximes fiscais e de seguridade social dos arquitectos e dos traballadores contratados. IVE, IRPF e Imposto de Sociedades. Contabilidade profesional. Facturación. Criterios de debeño e de caixa. Control de custos directos. Gastos deducibles e criterios fiscais. Cálculo de Amortizacións de bens mobles e inmoables #afecto á actividade.
4. Informes, Peritaxe. Medicións e valoración.	Medicións, Orzamentos e Valoracións. Conceptos: Prezos unitarios, auxiliares e descompostos; organización dos orzamentos: unidades de obra e capítulos, criterios de medición; cálculo de Orzamentos de Execución Material e de Contrata. O orzamento de proxecto como base tributaria do ICIO. Programas informáticos para redacción de medicións e orzamentos. Bases de prezos da construción. Estimacións de custos dunha obra e avaliación previa de orzamentos de proxectos. Informes, peritaciones e ditames. Tipos segundo finalidade. A función pericial forense. Regulación legal e requisitos formais. Práctica das probas periciais en procedementos civís.
5. Dirección e xestión inmobiliarias	Valoracións e tasacións. Tipos segundo finalidade. Valoracións inmobiliarias a efectos administrativos, fiscais e hipotecarios. Tasacións periciais contraditorias. Conceptos básicos: valor en venda, valor de repercusión, valor da construción; gastos, impostos, beneficios. Métodos de valoración: aplicabilidade e fundamentos. Estudos de viabilidade de promocións inmobiliarias. Aspectos a considerar: urbanísticos, civís, de obra, financeiros, do mercado inmobiliario. Responsabilidades.
6. Documentos de Seguridade e Hixiene en obra.	A seguridade na edificación. Fundamentos legais A prevención no proxecto. Avaliación de riscos. Identificación de actividades de maior risco. Planificación da prevención. Estudos e estudos básicos de seguridade e saúde. Contido e alcance. O orzamento de S e S. Os plans de seguridade e saúde de empresas contratistas. A coordinación de seguridade e saúde en obra. Atribucións, funcións e responsabilidades. Documentación a cumprir.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	21	0	21
Proba obxectiva	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	15	15
Traballos tutelados	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	21.5	27.5	49
Proba de resposta múltiple	A28 A29 A30 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6	0	5	5
Obradoiro	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	20	20
Actividades iniciais	A17 B3 B4 B9 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1.5	0	1.5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar si as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en expor unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Actividades iniciais	Introdución á materia. Exposición de motivos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro Traballos tutelados	As clases prácticas e os traballos tutelados contarán con atención personalizada para o seu desenvolvemento por parte do alumno en sesións abertas con presenza dos seus compañeiros. As sesións maxistrais e probas terán unha atención personalizada para aclaración de conceptos e dúbidas en tutorías
----------------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A asistencia a clases interactivas ou sesións de prácticas estará sometida a iguais condicións que as establecidas nesta mesma Guía Docente para as sesións maxistrais. A entrega de todas as prácticas expostas no curso será requisito obrigatorio para ter a consideración de presentado a calquera das dúas oportunidades do curso. Cada unha das prácticas terá un % de participación dentro do 40% da nota global atribuído ao conxunto das prácticas que se indicará no enunciado da súa formulación. Para aplicar á nota global do curso a porcentaxe de participación correspondente a cada práctica requirirase que a súa nota sexa maior que o 40% da nota máxima; en caso contrario, non se computará puntuación por este concepto. A nota media ponderada do conxunto das prácticas terá que ser maior ou igual que o 40% da nota máxima; en caso contrario, a nota global do curso será esa nota media ponderada das prácticas.	40
Proba de resposta múltiple	A28 A29 A30 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6	Durante o curso realizaranse test de comprobación do aproveitamento obtido e o nivel de coñecemento alcanzado polos alumnos nas clases expositivas e interactivas e no traballo autónomo encargado. Estas probas efectuaranse por medio da plataforma de tele-ensino Moodle da UDC PERO NA aula, a cuxo efecto os alumnos deberán estar provistos dos medios axeitados para a súa execución. Calcularase a media das notas obtidas no test realizados durante o curso, e para aplicar a porcentaxe de participación na nota global requirirase que a nota media do test sexa maior ou igual que o 40% da nota máxima. En caso contrario, non se computará puntuación por este concepto para a obtención da nota global en calquera das dúas oportunidades de cada curso.	10
Sesión maxistral	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A asistencia a clases, tanto expositivas como interactivas, será obrigatoria polo menos nun 80% das horas lectivas, salvo xustificación de causa de forza maior. O incumprimento do requisito de asistencia mínima implicará que o alumno será considerado como NON PRESENTADO en calquera das dúas oportunidades do curso. Realizaranse controis de asistencia mediante folla de firmas. O requisito de asistencia establécese para cada curso, tanto para alumnos de primeira matrícula como para alumnos repetidores e non conservase para cursos sucesivos.	0



Proba obxectiva	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliarase o coñecemento dos temas incluídos no programa da materia, adquirido polos alumnos por medio das clases expositivas, da análise de fontes documentais e do estudo persoal, e dos traballos prácticos realizados durante o curso. En cada unha das dúas oportunidades do curso, o exame constará de preguntas test e de preguntas de desenvolvemento, que estarán divididas en partes correspondentes aos temas explicados ou dirixidos por cada un dos profesores. Cada parte computará o correspondente % da nota do exame. A puntuación estará indicada no texto do exame. Requiriranse os seguintes requisitos para poder compensar a nota do exame cos restantes elementos de avaliación da materia: Nota mínima no test e en cada parte do exame: 30% da nota máxima Nota media mínima do conxunto do exame: 40% da nota máxima No caso de que a nota do test ou dunha das partes do exame sexa ≤ 3, a nota global do curso será a nota desa parte do exame. No caso de que a nota media do exame sexa ≤ 4, a nota global do curso será esa nota media .	40
Traballos tutelados	A17 A27 A28 A29 A30 A33 A63 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Traballos tutelados: de realización mediante o traballo autónomo do alumnado coa guía e indicacións do profesorado, como iniciación ao proceso de autoformación imprescindible para o posterior exercicio profesional. Calcularase a media das notas obtidas nos traballos tutelados e para aplicar a porcentaxe de participación na nota global requirirase que a nota media sexa maior ou igual que o 40% da nota máxima. En caso contrario, non se computará puntuación por este concepto para a obtención da nota global en calquera das dúas oportunidades de cada curso.	10

Observacións avaliación



CONDICIÓN PARA TODAS AS OPORTUNIDADES :

Para o cálculo media dos traballos tutelados e das probas de resposta múltiple (test) realizadas nas sesións interactivas dividirase a suma de notas obtidas entre o número total de traballos ou de test realizados durante o curso, agás que se xustifique adecuadamente a inasistencia, nese caso non se computarán as faltas para a determinación do denominador do cociente.

Existen erros graves que inhabilitan para superar a materia.

A obtención de menos dun catro (4) sobre dez, en cada unha das partes, inhabilita para superar a materia.

CONDICIÓN PARA A SEGUNDA OPORTUNIDADE:

-A nota dos traballos tutelados e das probas de resposta múltiple serán as mesmas que as consideradas para a primeira oportunidade.

-Poderanse substituír as prácticas presentadas á primeira oportunidade a fin de mellorar a nota obtida anteriormente, calquera que esta fose, ou se poderán entregar as prácticas que non se presentaron na primeira oportunidade.

- Será preciso presentarse á proba obxectiva final (exame), calquera que fose a nota obtida no exame de primeira oportunidade.

- Na segunda oportunidade poderanse recuperar aquelas partes realizadas pero non superadas durante o semestre; non se PODERÁN RECUPERAR AS NON ENTREGADAS Ou NON REALIZADAS, que supoñen un "NON PRESENTADO" como cualificación da convocatoria. O incumprimento da asistencia ou das entregas de Taller; a non realización de probas de resposta múltiple ou presencial suporá a cualificación de "NON PRESENTADO" na convocatoria (en calquera das oportunidades).

Os "Alumnos con recoñecemento á dedicación a tempo parcial e exención académica da exención de asistencia" comunicarán ao comezo do curso a súa situación aos docentes da materia, de acordo coa "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo de pregrado estudantes da UDC (Art.3.be 4.5) e o Regulamento de avaliación, revisión e reivindicación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario (Art. 3 e 8b).

Para os estudantes que soliciten a exención académica, a avaliación será a mesma que o resto xa que o traballo tutelado poderase realizar e comentar fóra do horario de clases.

"A realización fraudulenta de traballos, probas ou actividades de avaliación, unha vez verificadas, implicará directamente a cualificación de" 0 "suspenso na materia na oportunidade correspondente".



Implicacións do plaxio: Cualificación de suspensión na convocatoria en que se comete a infracción e respecto da materia en que se comete: o alumno será cualificado con ?suspensión? (cualificación numérica 0) na correspondente convocatoria do curso académico, tanto si a comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, modificarase a súa cualificación no informe de primeira oportunidade, en caso de ser necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica	- García Valvarcel, Antonio... [et al.] (2000, 2004). Deontología para arquitectos. Madrid : CIE-Dossat 2000, 2004 - García Erviti, Federico. (2011). Compendio de arquitectura legal : derecho profesional y valoraciones inmobiliarias. Barcelona : Reverté, 2011 - González-Bravo, Carlos. ... [et al.] (2012). Arquitectura legal : valoración de inmuebles, seguridad, prevención y documentación en la edificación . Madrid : Munillalería, 2012
Bibliografía complementaria	- Ortega García, José (1992). Arquitectura Legal. Barcelona : CEAC, 1992 - Muñoz Cosme, Alfonso. (1995). Arquitecto. Barcelona : Grijalbo, [1995] - Rubio Landart, Jaime y Gómez Perdomo, Carlos; (2011). Arquitectos en la encrucijada : qué puede hacer un arquitecto en la situación actual?. Madrid : Alianza Editorial, [2011] - Tunstall, Gavin (2009). La gestión del proceso de edificación : del croquis a la ejecución. Barcelona : Reverté, [2009] - Alegret Burgués, Alberto y Cabré i Puig, Esteve (2011). ¿A dónde vas, arquitecto? : guía práctica profesional del arquitecto en la sociedad europea . Madrid: La Ley, 2011 - (1986). Curso de Arquitectos Peritos Judiciales arquitectura legal. Madrid : Servicio de Publicaciones del Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid, 1986 - (2000). El arquitecto ante el nuevo marco legislativo. Madrid : La Ley, 2000 - Irisarri Martínez, Carlos J. (2011). El arquitecto práctico ; seguido de Propiedad inmobiliaria para arquitectos. Villaviciosa de Odón, Madrid : Escuela de Arquitectura, Universidad Europea de Madrid, 2011 - González Nebreda, Pere Turmo de Padura, Julio. Villaronga Sánchez, Eulalia (2006). La valoración inmobiliaria teoría y práctica. Madrid: La Ley, [2006] - Código Técnico de la Edificación. CTE

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Urbanística 4/630G02032
Proxectos 8/630G02036
Construción 6/630G02037

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Construción 7/630G02045
Urbanística 5/630G02042

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías